

Ramiro Torres: Campos de luz



Armando Requeixo

Sabía dende hai tempo do labor poético de Ramiro Torres (A Coruña, 1973) por publicacións como *Poseidónia* ou *Agália*, mais sobre todo pola súa moi **activa participación en Xalundes, o Grupo Surrealista Galego do que forma parte dende os seus inicios e no que se amosa como un dos máis entusiastas membros.**

Tan intensa dedicación a esta *fe* poética explica a aparición de *Esplendor arcano*, o seu primeiro libro de versos, que é tamén o volume cabezaleiro do propio Xalundes, quen figura como selo editor desta obra, **discreta na súa aparencia material, pero acaidamente fermoseada dende a cuberta (velaí a ilustración liminar de Alba Torres Ferreiro) ata o remate (co broche dun poema-epílogo de Pedro Casteleiro).**

O poemario de Torres é todo el un *big bang* versal de longo alcance. **Polas súas páxinas señorea a escrita cósmica, astral en plenitude. Composicións que saben da materia estelar, as “galaxias interiores”, os “múltiplos cometas” e esa “estrela/ perpétua que/ vive sobre/ as sombras das/ casas”, a mesma se cadra que aluma esta “brillante cosmogonia” poética.**

Unha lírica de fusión universal do Eros, territorio propicio á pulsión dos corpos, á cópula solar e unha “arquitectura de artérias/ inflamadas em nós”, sempre “poderosamente nus,/ quebrando os/ ossos do medo” ata a víscera última.

Tanto desexo, paixón tanta, tiña que ser, por forza, un festival de luminosa dición, esplendentes verbas, ardentes imaxes e fulgores millenta, o espazo da “irradiação primeira”, da “noite fosforescente” e a “espiral candente”, un fluír de alquimias, “vibração dos sentidos” que enguedellados en sinestesias e fonosimbolismos rematan na “pura combustão”, nas “brasas da saudade”, cinzas do volcán e “lava do inaprensível”.

E no medio dese abismo sideral, erótica desatada de queimadura necesaria, sobrancea o poder da verba, “as runas da lingua inicial”, unha “cópula das palabras”, ou mellor aínda, “o coito das palabras e/ o infinito transformados/ numa inminente cosmologia”, esa que determina que “copulamos só/ ante a beleza/ louca do poema”.

Cosmos, Eros, Verba e, como non, tamén Tempo. Seres que somos da area dos días, “espuma de/ uma idade vindoura”, pois ansiámonos na proxección futura, sentíndonos materia temporal que metamorfosea: “transformados/ em ouroboros,/ exalta-se entre nós/ o tempo”, porque, a qué dubidalo, “habitamos os sótaos/ convulsos do tempo”.

Dacabalo dun moi particular visionarismo literario e aleitando no ubérrimo surreal, este *Esplendor arcano* de Torres dialoga cos máis variados referentes, tanto de noso coma doutras latitudes, polo que non ha resultar difícil emparentar estes versos “poderosamente nus”, cheos de “matérias que desaparecem/ no adentro e renascem crateras” cos da lucense Olga Novo; e tampouco estrañará a súa parentela co sideralismo cobregueante dun Herberto Helder, o amatorio cinsento dun Quevedo —que aquí volve lembrarnos amar “até serem pó/ embriagado”— ou o Breton de máis decidido rauto en poemas manifesto como “Nós surreal”, por amentar tan só algúns dos compañeiros de viaxe.

Ramiro Torres achega neste seu primeiro poemario, *Esplendor arcano*, unha máis que memorable tarxeta de presentación. As tres seccións nas que se divide o libro (“Campos de visão”, “Casa do despertar” e mais “Terra da iminência”) están **inzadas de textos vibrantes, vitalistas e rebordantes dunha enerxía contaxiosa, imantadora, subxugante, esa estimable literatura que só se dá, como o propio poeta advirte, en campos de luz, materia nevada e baleiro en brasa.**

COA TÚA [ACHEGA](#) FAS POSIBLE QUE SIGAMOS PUBLICANDO NOVAS COMA ESTA.

OUTRAS NOVAS RELACIONADAS:

PRAZA ABERTA AO TALENTO ▼ Sábado 18, Maio 2013 | [Cultura](#)

'[Esplendor Arcano](#)', de Ramiro Torres